## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

*RESOLUCIÓN do 31 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o fortalecemento dos centros de xeración de coñecemento aliñadas cos retos estratéxicos e prioridades identificados na Estratexia RIS3 de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento IN607E).*

A Constitución española, no seu artigo 44.2, obriga os poderes públicos a promover a ciencia e a investigación científica e técnica en beneficio do interese xeral. Ademais, establece no artigo 149.1.15 que o fomento e a coordinación da investigación científica e técnica son competencia exclusiva do Estado.

Pola súa banda, o Estatuto de autonomía de Galicia recolle no seu artigo 27.19 que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia do fomento da cultura e da investigación en Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2 da Constitución.

A Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, ten por obxecto establecer o marco para o fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico, da transferencia e valorización de resultados e da innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así como da súa xestión eficiente.

O Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación (Gain) e se aproban os seus estatutos, establece que a Gain ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes.

A Estratexia Europa 2020 (EE2020) fixa o marco xeral de actuación cara ao cal deben enfocarse os esforzos da política de cohesión europea, que financian os fondos estruturais e de investimento europeos, entre os que está o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), con que se financia esta convocatoria. A EE2020 fixa tres modelos de crecemento e desenvolvemento, que se basean, pola súa vez, en varios criterios de intervención para lograr os devanditos tipos de crecemento: o desenvolvemento intelixente: favorecemento dunha economía baseada no coñecemento e na innovación; o desenvolve-

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnijjwclp1t1

mento sustentable: promoción dunha economía máis eficiente no uso dos recursos, máis ecolóxica e competitiva, e o desenvolvemento integrador: fomento dunha economía con altas taxas de emprego que permita o desenvolvemento da cohesión social territorial.

No marco da Estratexia de dixitalización europea, a Comunicación COM (2016) 180 final, orientada a aproveitar todas as vantaxes dun mercado único dixital, recoñece a importancia do apoio público aos chamados «centros de competencia», a través dos fondos estruturais e de investimento europeos (EIE) no marco dos *Digital Innovation Hubs* (DIH). A citada Comunicación recolle de xeito concreto a necesidade de fomentar:

– As relacións multilaterais entre estes centros e o tecido industrial, tendo en conta a súa función de conectores e catalizadores das actividades de transferencia, en que a proximidade é un elemento clave.

– A interconexión entre os diferentes DIH rexionais para crear sinerxías entre eles, no marco dunha estratexia de dimensión europea, para desenvolver un sistema de portelo único que faga accesible os seus servizos a calquera empresa, especialmente ás pemes.

O obxectivo é que a través dos DIH as empresas poidan acceder aos últimos coñecementos, experiencia e tecnoloxía para poñer no mercado de forma efectiva produtos innovadores, así como mellorar os seus procesos e desenvolver novos modelos de negocio que as fagan máis competitivas.

Desde un punto de vista operativo, no ámbito europeo estase levando a cabo a definición dun catálogo das DIH existentes, e dun inventario dos centros de infraestruturas que presten servizos ligados ás tecnoloxías facilitadoras. En ambos os dous casos, o obxectivo é sensibilizar e achegar ás empresas, especialmente ás pemes, servizos tecnolóxicos enfocados á comercialización das súas ideas innovadoras (prototipado, proba, escalado, primeira produción, validación de produto, etc.) para acadar unha mellora da súa competitividade. Nestas dúas iniciativas, a través das que se fomenta a cooperación entre os distintos axentes do ecosistema da I+D+i, recoñécese o papel esencial dos centros tecnolóxicos, avaliados segundo a súa capacidade e a calidade dos seus servizos para a mellora da competitividade do tecido produtivo europeo.

De xeito paralelo, no marco da especialización intelixente da política de cohesión para acadar os obxectivos da Estratexia Europa 2020, a Plataforma S3 da Comisión Europea puxo en marcha varias plataformas temáticas en áreas compartidas pola maioría das rexións (modernización industrial, agroalimentaria e enerxía). A través destas novas ini-

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnijjwclp1t1

ciativas, introdúcese de xeito especial a análise das cadeas de valor a nivel global dentro do enfoque de especialización intelixente, explicitándose a necesidade da colaboración interrexional sempre que se detecten similitudes e complementariedades. O obxectivo é evitar duplicar os investimentos entre rexións europeas, coa consecuente excesiva fragmentación e perda de sinerxías.

A través destas plataformas temáticas a Comisión Europea avanza no enfoque de especialización intelixente, a cal debe entenderse como un proceso continuo de exploración e explotación do potencial de investigación e das oportunidades de negocio. A análise do potencial das rexións para xerar vantaxes competitivas a través da innovación realízase considerando as súas capacidades dentro de cadeas de valor europeas e mundiais e non só rexionais, utilizando a especialización intelixente como principio de coordinación para a colaboración interrexional. Neste enfoque interrexional, ocupa un lugar destacado o fomento das sinerxías entre as tecnoloxías dixitais e outras tecnoloxías facilitadoras esenciais (TFE) (nanoelectrónica, nanotecnoloxía, biotecnoloxía industrial, materiais avanzados, fotónica e tecnoloxías de fabricación avanzada) para a modernización tecnolóxica do tecido produtivo. Inclúese como obxectivo axudar ás rexións a desenvolver e compartir infraestruturas (instalacións de proba, plantas piloto, etc.), prestando especial apoio a aquelas que combinen diferentes instrumentos de investimento da UE.

A Estratexia de especialización intelixente de Galicia 2014-2020 (Estratexia RIS3 de Galicia), unha das condicións *ex ante* do Programa operativo Feder Galicia (anexo 11 deste), define o marco para as políticas de investigación e innovación en Galicia para o período 2014-2020. Selecciona as prioridades de investimento ao redor de tres retos e asocia a cada un deles unha serie de prioridades e liñas de acción específicas, aliñadas cos obxectivos e principais programas de innovación nacionais e europeos, entre os que cabería destacar as respectivas axendas dixitais e o programa Horizonte 2020. En liña co contexto europeo, Galicia tamén está a evolucionar na súa estratexia de especialización intelixente, no marco das prioridades xa previstas inicialmente na súa RIS3, traballando en concreto nunha estratexia que permita agrupar, ordenar e especializar os axentes do ecosistema de I+D+i en ámbitos estratéxicos, promovendo a creación de *hubs* de innovación dixital. En liña con ela, estas axudas que agora se convocan están orientadas ao fortalecemento da capacidade dos centros tecnolóxicos co obxecto de que poidan afianzarse como centro de competencia dos *hubs* nos seus respectivos ámbitos de especialización.

A Axencia Galega de Innovación, no compromiso coa investigación e innovación responsable (IIR) e en consonancia coa axenda 2030, a través desta actuación impulsa no ecosistema galego a adopción de medidas que axudan a garantir e incrementar o impacto social

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnjjwclp1t1

das actividades de I+D+i. Na práctica, a IIR impleméntase como un conxunto de medidas que inclúen e facilitan a participación de múltiples axentes e do público na investigación e na innovación, permitindo un acceso máis sinxelo aos seus resultados, a incorporación de xénero e da ética no contido e no proceso de I+D+i, e na educación científica formal e informal (gobernanza, acceso aberto, igualdade de xénero, compromiso coa cidadanía, educación científica e ética da investigación).

Segundo todo o exposto, pódese concluír que para aumentar a competitividade dos centros tecnolóxicos galegos, tanto no desempeño das súas actividades primarias como organismos de investigación (especialmente o desenvolvemento de I+D independente) como nas súas tarefas de transferencia ao tecido produtivo, é necesario que dispoñan de infraestruturas tecnolóxicas punteiras ligadas ás prioridades das cadeas de valor estratéxicas para Galicia no marco dun contexto de cooperación interrexional. Con esta iniciativa perséguese, por unha banda, seguir avanzando na súa excelencia investigadora fortalecendo as súas capacidades para mellorar o seu posicionamento no ámbito internacional e, por outra, ofrecer ao tecido produtivo os servizos necesarios de experimentación e proba para poñer no mercado produtos e servizos innovadores que melloren a súa competitividade.

O esquema concreto de apoio que se materializa a través desta convocatoria, incluída no marco do Programa Transfire da Estratexia RIS3 de Galicia, defínese na procura dun modelo de apoio secuencial que, en liña co avance na especialización intelixente de Galicia, permita maximizar as sinerxías entre os fondos EIE e Horizonte 2020, unha das prioridades da Comisión Europea para o período 2014-2020. Por este motivo o apoio oriéntase ás etapas iniciais da cadea de valor da I+D+i dirixidas ao fortalecemento das capacidades do Sistema galego de innovación, en concreto dos seus centros tecnolóxicos, pero tamén ás finais, centradas na comercialización dos resultados xerados. Ademais, defínese tamén de xeito complementario con outros instrumentos da Gain, a través do carácter aberto que deberán ter as infraestruturas apoiadas. Mediante a combinación estratéxica de fondos europeos e rexionais de I+D+i búscase acadar un maior impacto na competitividade, no emprego e no crecemento.

Por outra banda, para afondar na eficiencia e eficacia do financiamento público, a concesión destas axudas ligarase á obtención de resultados tanto na mellora da excelencia do centro tecnolóxico como no desenvolvemento das súas tarefas de apoio ao tecido produtivo para a posta no mercado dos resultados de I+D+i. Así, con cada proposta deberá achegarse un plan de explotación para as infraestruturas solicitadas, un aspecto esencial na súa valoración, en que deberán explicitarse os obxectivos concretos asociados tanto á actividade de xeración de coñecemento como de transferencia.

O obxectivo final desta dobre funcionalidade das infraestruturas que se apoiarán con esta liña de axudas será xerar coñecemento e, pola súa vez, mellorar os labores de transferencia de coñecemento, e acadar un ecosistema de financiamento de I+D+i que poida chegar a ser sustentable por si mesmo, ao estar baseado nun modelo de negocio rendible no marco da especialización intelixente de Galicia, que diminúa a súa dependencia de financiamento externo.

A necesidade deste dobre enfoque fai imprescindible que as infraestruturas apoiadas baixo esta convocatoria poidan utilizarse tanto para o desenvolvemento de actividades económicas como non económicas, sempre respectando a normativa vixente en materia de axudas de Estado. Así, as axudas concedidas no marco da presente resolución axustaranse ao establecido no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, publicado no *Diario Oficial de la Unión Europea* (DOUE) núm. 187, do 26 de xuño de 2014 (en diante Regulamento (UE) nº 651/2014). Neste regulamento recoñécese que as infraestruturas de investigación de alta calidade son cada vez máis necesarias para unha investigación e unha innovación pioneiras, xa que atraen talento de todo o mundo e son fundamentais para apoiar as tecnoloxías da información e a comunicación e as tecnoloxías facilitadoras esenciais, atraendo, pola súa vez, investimento privado.

Dentro deste esquema, tanto a cooperación como o carácter aberto e compartido das infraestruturas son elementos esenciais, polo que serán aspectos considerados de xeito explícito na valoración das solicitudes recibidas.

Considérase necesario realizar unha nova convocatoria na cal se manteñan criterios similares para a avaliación de solicitudes. Dáselle tamén carácter plurianual para facilitar a adquisición de equipamentos que se deben construír para adaptalos ás necesidades dos centros tecnolóxicos.

Tendo en conta todo o anterior, a directora da Gain, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 17.3 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Gain,

DISPÓN:

Artigo 1. *Convocatoria e bases reguladoras*

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión das axudas da Gain para o fortalecemento dos centros de xeración de coñecemento, aliñadas cos retos estratéxicos e prioridades identificados na Estratexia RIS3 de Galicia.

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnjjwclp1t1

2. Así mesmo, por medio desta resolución convócanse, en réxime de concorrencia competitiva, as devanditas axudas para o ano 2020 (código de procedemento IN607E), cofinanciadas polo fondo Feder no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (prioridade de investimento 1.1 e obxectivo específico 1.1.2), en consonancia co establecido no artigo 2.91 do Regulamento (UE) nº 651/2014.

Artigo 2. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas os centros tecnolóxicos e os centros de apoio á innovación tecnolóxica de Galicia validamente inscritos, no momento da presentación da súa solicitude, no Rexistro Estatal de Centros regulado polo Real decreto 2093/2008, do 19 de decembro.

2. Consonte o establecido no artigo 2.83 do Regulamento (UE) nº 651/2014, cando un destes centros leve a cabo actividades económicas (oferta de produtos ou servizos nun determinado mercado), ademais das actividades non económicas ligadas ás súas actividades primarias como organismo de investigación e de difusión de coñecemento, o financiamento, os custos e os ingresos desas actividades deberán contabilizarse por separado. Ademais, as empresas que poidan exercer unha influencia decisiva nas ditas entidades, en calidade de accionistas ou membros, non poderán gozar de acceso preferente aos resultados que xeren.

3. Non poderán acceder ás condicións de beneficiario/a as persoas ou entidades en que concorra algunha das prohibicións recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante Lei 9/2007), nin tampouco as empresas en crise, nin aquelas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión Europea que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

Artigo 3. *Actividades subvencionables*

1. Serán subvencionables as infraestruturas de investigación ligadas ao desenvolvemento dunha mesma liña ou liñas de I+D+i no marco de cadeas de valor estratéxicas para Galicia da Estratexia RIS3 (anexo VIII) agrupadas nun mesmo proxecto. De xeito coherente co preámbulo desta resolución, deberán ser infraestruturas de investigación de alta calidade para o desenvolvemento dunha investigación e dunha innovación punteiras, e servir de apoio ao desenvolvemento das novas tecnoloxías da información e a comunicación, así como das tecnoloxías facilitadoras esenciais.

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnjjwclp1t1

2. Estas infraestruturas poderán consistir exclusivamente na adquisición de equipamento científico e técnico e/ou de programas e aplicacións informáticas de carácter especializado e técnico, os cales deberán agruparse nun único proxecto (proxecto de infraestrutura), que será obxecto dunha mesma solicitude.

3. Establécese un orzamento mínimo subvencionable de 100.000 euros (cen mil) para cada proxecto de infraestrutura. Ademais, cada centro deberá presentar unha solicitude por cada proxecto de infraestrutura, e non haberá limitación no número de proxectos que cada centro presente.

4. As infraestruturas deberán estar orientadas, no marco dun contexto de cooperación interrexional, ao dobre obxectivo de mellora:

a) Da excelencia investigadora do centro tecnolóxico, fortalecendo as súas capacidades para mellorar o seu posicionamento no ámbito internacional.

b) Das súas tarefas de transferencia ao tecido produtivo, de xeito que se ofrezan os servizos necesarios de experimentación e proba para poñer no mercado produtos e servizos innovadores que melloren a súa competitividade.

5. As infraestruturas deberán estar, ademais, destinadas á obtención de resultados, de xeito que con cada proxecto de infraestrutura se deberá achegar un plan de explotación en que cada centro indique cales son os seus obxectivos concretos de xeración de coñecemento e de transferencia.

Artigo 4. *Requisitos das infraestruturas apoiadas*

As infraestruturas apoiadas ao abeiro destas axudas deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) De xeito coherente co seu dobre obxectivo, poderán desenvolver actividades económicas e non económicas, pero é imprescindible que o financiamento, os custos e os ingresos de cada tipo de actividade os consigne o centro de xeito separado, con base en principios de contabilidade de custos aplicados con coherencia e xustificables de maneira obxectiva.

b) O acceso ás infraestruturas estará aberto a varias entidades usuarias de xeito transparente e non discriminatorio. No caso de que unha empresa financie polo menos un 10 % dos custos da infraestrutura, esta poderá beneficiarse dun acceso preferente en condicións máis favorables. Non obstante, co fin de evitar unha compensación excesiva, o dito acceso será proporcional á contribución da empresa, e as condicións faranse públicas.

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnjjwclp1t1

c) O prezo que se cobre polo funcionamento ou utilización das infraestruturas deberá corresponder ao prezo de mercado.

d) As infraestruturas apoiadas deben cumprir os requisitos do artigo 6 do Regulamento (UE) nº 651/2014 relativos ao efecto incentivador. As axudas teñen un efecto incentivador se a solicitude de axuda se presentou antes do inicio da actividade. Entenderase que a actividade comezou co primeiro compromiso en firme para o pedido de equipamentos ou outro compromiso que faga o investimento irreversible se esta data é anterior. Os traballos preparatorios, como a obtención de permisos e a realización de estudos previos de viabilidade, non se consideran inicio dos traballos.

e) Tal e como se recolle no anterior artigo 3.3, establécese un orzamento mínimo subvencionable de 100.000 euros (cen mil) para cada proxecto de infraestrutura.

Artigo 5. *Modalidades de participación*

A única modalidade de participación é a individual. Non obstante, as solicitudes dun centro que inclúan un plan de explotación da infraestrutura de forma conxunta con outros centros tecnolóxicos valoraranse nos termos sinalados no artigo 18 B).

Artigo 6. *Financiamento*

1. As subvencións imputaranse á aplicación orzamentaria que se indica neste artigo, de conformidade co establecido no artigo 25.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 (en diante, Decreto 11/2009), no cal se establece a tramitación anticipada de expedientes de gasto, pola cal se condiciona a concesión destas subvencións á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de adxudicación, todo o anterior sen prexuízo de ulteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, segundo o disposto no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións, de acordo coa orde de prelación de solicitudes que resulte da aplicación dos criterios de valoración. O crédito destinado a esta convocatoria é o seguinte:

| Eixe | OE | Beneficiarios | Desagregación medida (CE_Actividades) | Partida orzamentaria | 2020 | 2021 | Total (€) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 01 | 1.1.2 | Organismos de investigación privados | 059_084 | 09.A3.561A.781.0 (2016.00001) | 4.000.000,00 € | 1.000.000,00 € | 5.000.000,00 |

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnjjwclp1t1

2. A distribución dos fondos entre as anualidades 2020 e 2021 é unha previsión que deberá axustarse tras a valoración das solicitudes de axuda. Con este fin poderá traspasarse crédito do exercicio 2020 ao 2021 sen incrementar o crédito total.

3. As axudas reguladas nesta resolución estarán cofinanciadas no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020 dentro dos seguintes parámetros: eixe 1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, prioridade de investimento 1.1. A mellora das infraestruturas de investigación e innovación (I+i) e das capacidades para desenvolver a excelencia en materia de I+i, e o fomento dos centros de competencias, en especial os de interese europeo, obxectivo específico 1.1.2. Fortalecemento das institucións de I+D e creación, consolidación e mellora das infraestruturas científicas e tecnolóxicas, e actuación 1.1.2.1. Fortalecemento de centros de xeración de coñecemento.

4. As axudas desta convocatoria fináncianse no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, o cal ten unha taxa de cofinanciamento máxima do 80 %. En consecuencia, as achegas das entidades beneficiarias computaranse como investimento privado elixible.

Artigo 7. *Conceptos subvencionables*

1. Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles custos de investimento en equipamento científico e técnico e/ou programas e aplicacións informáticas de carácter especializado e técnico que correspondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios para o seu desenvolvemento. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado e deberá referirse ás actividades definidas no artigo 3 destas bases.

Os equipamentos subvencionables deberán ser novos, polo que non se admiten adquisicións de produtos usados, dado o carácter innovador e de alta calidade dos proxectos de infraestrutura.

A estes gastos seralles de aplicación o previsto na Orde HFP/1979/2016, do 29 de decembro, do Ministerio de Facenda e Función Pública, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020. Segundo o artigo 2.c) da citada orde, o imposto sobre o valor engadido que sexa recuperable consonte a normativa nacional non será subvencionable.

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnijjwclp1t1

2. Só se admitirán aqueles gastos que fosen executados con data posterior á da presentación da solicitude, debido ao efecto incentivador que ten a axuda, e nunca antes do 1 de xaneiro de 2020.

3. A entidade beneficiaria deberá presentar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a entrega do ben, agás que polas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as subministren. A elección entre as ofertas presentadas deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Estas ofertas deberán figurar asinadas, identificando a persoa que realiza a oferta comercial, e conter os datos identificativos dos provedores, así como a data de emisión e validez.

Artigo 8. *Intensidade das axudas e concorrencia*

1. As axudas concederanse en forma de subvención. A contía individualizada determinarase en función do custo financiable da actuación e das dispoñibilidades orzamentarias, respectando sempre o límite de intensidade do 50 % dos custos subvencionables previsto no artigo 26 do Regulamento (UE) nº 651/2014.

2. As axudas concedidas pola Gain ao abeiro desta convocatoria serán compatibles coa percepción doutras axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional, respectando sempre os termos recollidos no artigo 8 do Regulamento (UE) nº 651/2014 e no artigo 65.11 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello (en diante, Regulamento (UE) nº 1303/2013).

De acordo co establecido no Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, polo que se modifica o Regulamento (UE) nº 1303/2013, o artigo 65.11 establece que unha operación poderá recibir axuda dun ou varios fondos EIE ou dun ou varios programas e doutros instrumentos da Unión, coa condición de que o

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnjjwclp1t1

gasto declarado nunha solicitude de pagamento correspondente a un dos fondos EIE non se declare para solicitar axuda doutro fondo ou instrumento da Unión, ou axuda do mesmo Fondo no marco dun programa distinto. O importe do gasto que deberá consignarse nunha solicitude de pagamento dun fondo EIE pode ser calculado para cada fondo EIE e para o programa ou programas de que se trate a pro rata, conforme o documento en que se establezan as condicións da axuda.

Artigo 9. *Forma, lugar e prazo de presentación das solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia:

https://sede.xunta.gal

Se algunha das entidades interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Nestes casos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que foi realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario/a e clave Chave365 https://sede.xunta.gal/chave365.

2. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

3. A Gain informará as entidades beneficiarias de que a aceptación da axuda implica a inclusión das entidades beneficiarias na lista de operacións, que se publicará, ademais de na páxina web da Axencia Galega de Innovación, no portal da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Facenda, co contido previsto no número 1 do anexo XII e no artigo 115.2 do Regulamento (UE) nº 1303/2013.

https://www.dgfc.sepg.hacienda.gob.es/sitios/dgfc/es-ES/loFEDER1420/porFEDER/Paginas/inicio.aspx

4. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día de publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnjjwclp1t1

hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o último día do mes.

Artigo 10. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento administrativo.*

1. Entregarase unha solicitude para cada proxecto de infraestrutura que presente o centro tecnolóxico, de xeito que un mesmo centro poderá presentar varias solicitudes de axuda, tantas como proxectos de infraestrutura. Segundo o indicado no artigo 3.2, na solicitude de cada proxecto de infraestrutura agruparanse os diferentes equipamentos científicos e técnicos e/ou programas e aplicacións informáticas de carácter especializado e técnico, que estean ligados ao desenvolvemento dunha mesma liña ou liñas de I+D+i no marco de cadeas de valor estratéxicas para Galicia da Estratexia RIS3.

2. Non haberá un máximo de solicitudes por centro, de xeito que un mesmo centro poderá presentar máis dunha sen ningunha limitación ao respecto.

3. A solicitude estará composta polos seguintes documentos:

a) Formulario de solicitude (segundo o anexo I), que inclúe as seguintes declaracións responsables relativas ao centro solicitante:

1º. Declaración responsable de non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante, Lei 38/2003).

2º. Declaración responsable de non estar suxeito/a a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión Europea que declarase unha axuda ilegal ou incompatible co mercado común.

3º. Declaración responsable de que non pode ser considerada unha empresa en crise, conforme o disposto no artigo 2.18 do Regulamento (UE) nº 651/2014, do 17 de xuño, da Comisión. Non obstante, a Gain utilizará os medios que considere oportunos para a súa verificación e requirirá ao solicitante, se for necesario, os documentos oportunos.

4º. Declaración de que a solicitude de axuda é anterior ao comezo das actividades para as cales se solicita (efecto incentivador).

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnjjwclp1t1

5º. Declaración responsable de non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007. Deberase comunicar calquera variación das circunstancias recollidas nesta declaración no momento en que se produza.

6º. Declaración responsable de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, consonte o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, e de reembolso de préstamos ou anticipos concedidos con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma.

7º. Declaración de que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se presentan son certos.

8º. Declaración de conformidade co establecido no artigo 5 da Orde do 12 de xaneiro de 2012, pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, de que son veraces os datos que se consignan na solicitude relativos á conta bancaria en que se efectuará o pagamento das axudas, así como que a entidade solicitante é o seu titular.

9º. Declaración responsable, no caso de que o centro leve a cabo actividades económicas e non económicas, de que se dispón dunha contabilidade separada que permita distinguir con claridade os dous tipos de actividades.

10º. Declaración responsable, no caso de que a infraestrutura solicitada se empregue para o desenvolvemento de actividades económicas e non económicas, de que dispón dunha contabilidade separada que permita distinguir con claridade os dous tipos de actividades.

11º. Declaración responsable, no caso de dispor dun plan de igualdade implantado no centro, de que este se manterá durante o período de execución do proxecto e de mantemento dos investimentos previsto nestas bases reguladoras.

12º. Declaración responsable de que ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto de infraestrutura para o cal se solicita a axuda.

13º. Declaración responsable de que asumirá a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude.

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnjjwclp1t1

b) Anexo II: Declaración responsable doutras axudas concedidas e solicitadas para o mesmo fin por outras administracións ou entes públicos ou privados.

c) Documentación técnico-económica:

1º. Anexo III: ficha do proxecto de infraestrutura que se solicita.

2º. Memoria descritiva do proxecto de infraestrutura que se solicita, redactada en formato libre, consonte o índice que se inclúe no anexo IV (en ficheiro PDF).

3º. Plan de explotación do proxecto de infraestrutura, redactado en formato libre, consonte o índice que se inclúe no anexo V (en ficheiro PDF).

d) Documentación administrativa:

1º. Copia da verificación da suficiencia do poder bastante con que actúa o representante legal do centro.

2º. Modelo de comprobación de datos das persoas socias mancomunadas (anexo VI).

3º. Copia da escritura de constitución do centro debidamente inscrita, se for o caso, no Rexistro Mercantil ou Industrial.

4º. Tres ofertas como mínimo de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a entrega do ben, agás que polas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as subministren. A elección entre as ofertas presentadas deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Estas ofertas deberán figurar asinadas, identificando a persoa que realiza a oferta comercial, e conter os datos identificativos dos provedores así como a data de emisión e validez.

Esta documentación referida ás ofertas deberá presentarse de xeito ordenado, acompañada dun resumo en que conste unha relación detallada das ofertas presentadas para cada equipamento científico-técnico e/ou programas de aplicacións informática de carácter especializado, co fin de identificar e relacionar claramente as ofertas cos conceptos de gasto e que sexan comparables entre si, seguindo o guión que se sinala no anexo VII, onde se indica o contido mínimo das ofertas que se incluirán neste resumo.

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnjjwclp1t1

5º. No caso de solicitudes dun centro tecnolóxico que inclúan un plan de explotación conxunto do equipamento solicitado con outro/s centro/s, deberá presentarse a documentación a través da cal se poida acreditar debidamente ese uso compartido

Os anexos I (solicitude), II (declaración doutras axudas), III (ficha) e anexo VI (comprobación de datos das persoas socias mancomunadas), estarán dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia http://sede.xunta.gal

4. Non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente. Para estes efectos, a entidade interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou eses documentos. Presumirase que esta consulta está autorizada polas entidades interesadas, excepto que conste no procedemento a súa oposición expresa. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir á entidade solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

5. A documentación complementaria deberá presentarse por medios electrónicos. As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

6. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

7. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 11. *Información aos interesados*

1. Sobre este procedemento administrativo poderase obter información adicional na Gain, a través dos seguintes medios:

a) Sitio web da Gain, http://gain.xunta.gal, na epígrafe de Axudas.

b) Nos teléfonos 981 95 73 03 e 981 95 74 37 da Gain.

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnjjwclp1t1

c) No enderezo electrónico axudas.gain@xunta.gal

d) De forma presencial.

e) Na guía de procedementos e servizos administrativos dispoñible en https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos

2. Así mesmo, para cuestións xerais sobre este procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia 012.

3. De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ), da Lei 9/2007, as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos aspectos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Artigo 12. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia https://sede.xunta.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector publico autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpran a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola entidade interesada, en-

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnjjwclp1t1

tenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, a Gain practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 13. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados por medios electrónicos accedendo á Carpeta cidadá da entidade interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 14. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) Certificado de estar ao día no cumprimento das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

b) Certificado de estar ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

c) Certificado de estar ao día no cumprimento das obrigas coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) NIF da entidade solicitante.

e) DNI/NIE da persoa representante da entidade solicitante, no caso de ser unha persoa física.

f) NIF da persoa representante da entidade solicitante, no caso de ser unha persoa xurídica.

g) NIF da entidade, no caso de persoas socias mancomunadas.

h) DNI/NIE das persoas socias mancomunadas.

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnjjwclp1t1

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

2. No caso de que o centro solicitante se opoña a esta consulta, deberá indicalo no recadro correspondente no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ao centro solicitante a presentación dos documentos correspondentes.

Se a consulta polo órgano xestor non obtén resultado favorable e o centro solicitante deba presentar estes certificados en fase de emenda, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo órgano xestor.

Non obstante, aquelas entidades comprendidas no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei de subvencións de Galicia, poderán presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, e de non ter pendente ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 15. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, a Gain publicará na súa web oficial a relación das entidades beneficiarias, o importe das axudas concedidas, e incluirá, igualmente, nos correspondentes rexistros públicos, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas puideren impoñerse. En consecuencia, a presentación da solicitude das entidades beneficiarias leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo do requirimento, toda a información necesaria para que aquela cumpra as obrigas previstas no título I da citada lei.

3. En cumprimento do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnijwclp1t1

traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación de acordo co establecido no Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de datos nacional de subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas.

Artigo 16. *Instrución do procedemento e tramitación*

1. A Área de Xestión da Gain será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión das subvencións. Corresponderalle á directora da Gain ditar a resolución de concesión.

2. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, Lei 39/2015), se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nesta convocatoria ou non se lle xunta a documentación exixida, requirirase a entidade interesada mediante anuncio publicado no web da Gain, http://gain.xunta.gal, para que nun prazo de dez días hábiles emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, se entenderá que desiste na súa petición, logo da correspondente resolución. Se a instrución do procedemento o aconsella, o órgano competente poderá substituír esta publicación no web pola notificación individualizada.

A documentación requirida presentarase por medios electrónicos accedendo á Carpeta cidadá da entidade interesada, a cal está dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, de acordo co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse á entidade solicitante para que forneza cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas, aqueles expedientes administrativos que reúna todos os requisitos e a documentación necesaria serán avaliados por persoal experto e remitidos á Comisión de Selección.

5. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, en que se indicarán as causas desta.

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnjjwclp1t1

6. O feito de non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto no artigo 50 e seguintes da Lei 9/2007.

Artigo 17. *Comisión de Selección*

1. A Comisión de Selección será o órgano colexiado encargado de seleccionar as solicitudes que cumpran os requisitos exixidos nesta convocatoria, por orde decrecente de puntuación acadada ata o esgotamento de crédito, de acordo coa valoración realizada por persoal experto atendendo aos criterios fixados no artigo seguinte, e emitirá un informe en que se concrete o resultado da avaliación efectuada e a contía da axuda proposta.

2. A puntuación acadada conforme os criterios de valoración do artigo seguinte determinará a orde de prelación que seguirá a Comisión de Selección para a proposta de concesión de axudas ata o esgotamento do crédito dispoñible. No caso de empate, co fin de promover a incorporación do principio transversal de igualdade enunciado no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, decidirase a favor do proxecto en que o centro solicitante teña implantado un plan de igualdade, segundo a declaración responsable que se cubrirá no formulario de solicitude.

3. A composición da Comisión de Selección será a seguinte:

a) Presidencia: un/unha director/a de área da Gain, ou persoa en quen delegue.

b) Secretaría: un/unha funcionario/a da Gain, con voz e con voto.

c) Tres vogais designados/as pola directora da Gain.

4. No informe que elabore a Comisión de Selección figurarán, de xeito individualizado, as solicitudes propostas para obter a subvención, e especificarase a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos no artigo seguinte. Así mesmo, indicarase o importe da subvención para cada unha delas, sen superar o crédito dispoñible e coa intensidade de axuda prevista no artigo 8 desta convocatoria.

Artigo 18. *Criterios de valoración e selección*

A avaliación de cada solicitude que reúna os requisitos exixidos nesta convocatoria será realizada por xestores/as técnicos/as da Gain que poderán contar co apoio de persoal experto externo.

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnjjwclp1t1

A valoración realizarase sobre un total de 100 puntos, que se outorgarán segundo os criterios de valoración seguintes:

A) Calidade, innovación e viabilidade técnica e económica da proposta (25 puntos):

1. Claridade e nivel expositivo da actuación así como a concisión nas formulacións realizadas (3 puntos).

2. Interese e beneficios que a infraestrutura de investigación lle proporcionan ao centro. Valorarase a cuantificación da mellora esperada nas liñas de I+D+i do centro, así como as previsións que se desenvolverán a curto e medio prazo (5 puntos).

3. Carácter innovador da infraestrutura proposta ligada ás liñas de I+D+i. Valorarase o grao de innovación e calidade da proposta, que deberá estar correctamente xustificada e indicar as novidades ou melloras substanciais respecto ao estado actual da arte (6 puntos).

4. Capacidade técnica e económica do/s centro/s participante/s para a correcta explotación da infraestrutura solicitada (11 puntos):

a) Traxectoria científico-técnica dos/das investigadores/as ou técnicos/as que se adicarán ás liñas de I+D+i ligadas á infraestrutura solicitada (4 puntos).

b) Complementariedade da proposta cos recursos materiais e económicos do centro/s (2 puntos).

c) Incremento da competitividade en I+D+i derivada da definición dunha oferta de servizos para o tecido empresarial relacionada co equipamento solicitado (5 puntos). Valorarase se a adquisición do equipamento permite ao centro a apertura dunha nova liña de I+D+i e/ou se a infraestrutura solicitada se emprega en máis de dúas actuacións de I+D+i.

B) Carácter aberto e uso compartido das infraestruturas (15 puntos):

Valorarase a definición dunha metodoloxía de acceso aberto á infraestrutura por parte de entidades externas que maximice a súa explotación por entidades usuarias internas e externas. Consideraranse dun xeito preferente as propostas en que se inclúa un plan de explotación das infraestruturas solicitadas de xeito conxunto por varios centros tecnolóxicos.

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnijwclp1t1

C) Carácter estratéxico da infraestrutura (35 puntos). Valorarase o impacto ou repercusión da actuación na xeración de valor engadido en termos de relevancia científica e socioeconómica:

1. Impacto socioeconómico e aumento das capacidades do centro co obxectivo de avanzar na súa excelencia investigadora no marco das liñas de I+D+i a que se destinará a infraestrutura solicitada. Valorarase a capacidade de atraer talento e investimento privado (15 puntos).

2. Creación de emprego para actividades científicas e tecnolóxicas. Valorarase o incremento do cadro de persoal do centro ligado á adquisición do equipamento solicitado (10 puntos).

3. Consonancia e adecuación das liñas de investigación de I+D+i ligadas á infraestrutura solicitada cos retos estratéxicos e prioridades identificadas na Estratexia RIS3 de Galicia (10 puntos).

D) Plan de explotación da infraestrutura (25 puntos). Valorarase a definición deste plan en termos dos obxectivos concretos e dos indicadores propostos, e do establecemento de fitos acordes cunha planificación axeitada das actividades:

1. Actividade investigadora do centro (13 puntos):

a) Participación en proxectos H2020 e outros programas de I+D+i internacionais. Valorarase se a adquisición do equipamento solicitado permitirá ao centro participar en máis dunha actuación internacional de I+D+i en termos de retorno ou liderado, entre outros (10 puntos).

b) Proxectos de I+D+i desenvolvidos polo centro en solitario ou ben en colaboración efectiva con empresas (artigo 2.90 do Regulamento 651/2014) orientados á xeración de coñecementos que permita un mellor aproveitamento das infraestruturas solicitadas (3 puntos).

2. Actividade de transferencia do centro en relación coa infraestrutura solicitada (12 puntos):

a) Prestacións de servizos a empresas. Valorarase as prestacións de servizos con base en indicadores como o número de empresas receptoras, facturación prevista, competitividade destes servizos no ámbito europeo e internacional (10 puntos).

b) Previsión de posibles patentes xeradas (2 puntos).

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnjjwclp1t1

A Comisión de Selección considerará financiables as solicitudes que acaden unha puntuación mínima total igual ou superior a 60 puntos.

Artigo 19. *Audiencia*

1. Instruído o procedemento e antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

2. Poderase prescindir do trámite a que se refire o número anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 20. *Resolución e notificación*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, o órgano instrutor elevará a proposta de resolución e o informe emitido pola Comisión de Selección á directora da Gain para ditar a resolución definitiva de concesión ou denegación, que deberá estar debidamente motivada de acordo cos criterios de valoración establecidos no artigo 18 desta convocatoria.

Na proposta de resolución figurarán de forma individualizada as solicitudes propostas para obter a subvención e especificarase a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos nestas bases reguladoras. Indicarase, así mesmo, o importe da subvención para cada unha delas ou, se é o caso, a causa de denegación.

No expediente da subvención tamén se fará constar o informe do órgano instrutor en que conste que da información que ten no seu poder se desprende que as entidades beneficiarias cumpren os requisitos necesarios para acceder ás axudas.

2. As resolucións que se publiquen no DOG expresarán, cando menos, o seguinte:

– O centro beneficiario da axuda.

– O importe da axuda concedida e o seu orzamento total.

– A lista de solicitudes denegadas, xunto coa súa causa de denegación.

– A desestimación expresa do resto das solicitudes.

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnjjwclp1t1

3. A resolución do outorgamento da subvención comprenderá os requisitos previstos na normativa comunitaria para a selección da operación que debe conter o documento polo que se establecen as condicións da axuda (DECA), en que deberán figurar, como mínimo, os seguintes aspectos: identificación do centro beneficiario, contía da subvención e obrigas que lle corresponda, requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos que deban obterse con ela, plan financeiro e calendario de execución.

4. O prazo máximo para resolver as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria será de 5 meses, contados a partir da súa publicación no DOG. De non mediar resolución expresa no dito prazo mediante a publicación da correspondente resolución no DOG, os solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

5. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 39/2015. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 45.1 desa lei, a notificación individual de concesión da axuda poderase substituír pola publicación no DOG e no sitio web http://gain.xunta.gal, con indicación da data da convocatoria, centro beneficiario, cantidade concedida e finalidade da axuda outorgada.

Artigo 21. *Renuncia*

A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se publicará no web da Gain, http://gain.xunta.gal, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015. A directora da Gain ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21 da dita norma.

Artigo 22. *Réxime de recursos*

1. Contra as resolucións ditadas ao abeiro desta convocatoria, sen prexuízo de que os/as interesados/as poidan exercer calquera outro que consideren procedente, poderán interpoñer un recurso de alzada no prazo dun mes desde o día seguinte ao da notificación da resolución, perante o presidente da Gain, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015.

2. Contra as resolucións de reintegro, que poñen fin á vía administrativa, sen prexuízo de que os/as interesados/as poidan exercer calquera outro que consideren procedente, poderán interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes perante a directora da Gain desde o día seguinte ao da notificación da resolución se esta for expresa, ou en calquera

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnijjwclp1t1

momento contado desde o día seguinte en que se produzan os efectos do silencio administrativo, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015.

Artigo 23. *Modificación da resolución*

1. As actuacións subvencionadas deben executarse nos termos e forma aprobados que se recollen nas resolucións de concesión. Porén, cando xurdan circunstancias concretas que alteren as condicións técnicas ou económicas tidas en conta para a concesión da axuda, o órgano concedente poderá modificar a resolución de concesión.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

3. Poderase acordar a modificación da resolución de concesión por instancia da entidade beneficiaria, sempre que esta presente a solicitude de modificación con anterioridade á data de finalización do prazo de xustificación e se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación da actividade subvencionable estea comprendida dentro da finalidade e dos requisitos das bases reguladoras.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de teren concorrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención.

d) Que non sexan tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se ditou a resolución, tivesen lugar con posterioridade a ela.

4. A solicitude de modificación deberá motivar os cambios que se propoñen e debe xustificar a imposibilidade de cumprir as condicións expostas na resolución de concesión.

5. En ningún caso se admitirán cambios con data anterior á entrada en rexistro da solicitude de modificación.

6. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado logo da instrución do correspondente expediente, en que se lle dará audiencia a entidade

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnjjwclp1t1

interesada. A autorización de modificación deberá realizarse de forma expresa e notificaráselle á entidade interesada.

Artigo 24. *Obrigas das entidades beneficiarias*

Sen prexuízo das demais obrigas que resulten do artigo 11 da Lei 9/2007, así como daqueloutras específicas que se indican nesta convocatoria, as entidades beneficiarias das subvencións concedidas ao abeiro desta resolución quedan obrigadas a:

a) Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención, e acreditalo ante o órgano concedente, así como a cumprir os requisitos, prazos e condicións establecidos nas normas reguladoras, na convocatoria e na resolución de concesión ou no documento en que se establecen as condicións de axuda.

b) Xustificar ante a Gain, de acordo co previsto nestas bases de convocatoria e na normativa reguladora de subvencións, o cumprimento dos requisitos e condicións, a realización da actividade e dos gastos subvencionables, e o cumprimento da finalidade que determinan a concesión e o desfrute da subvención.

c) Proceder ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e no resto de casos previstos na Lei 9/2007.

d) Subministrar á Administración, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

e) Cumprir a normativa aplicable ao Feder, así como a normativa en materia de axudas de Estado e, en particular, o Regulamento (UE) nº 1303/2013, e o Regulamento (UE) nº 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre as disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego, e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1080/2006; así como o Regulamento (UE) nº 651/2014 e a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.

f) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnijjwclp1t1

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

e do Consello de Contas, ás da autoridade de xestión, ás comprobacións do artigo 125.5 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e, de ser o caso, dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

g) Comunicar á Gain a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

h) Desenvolver as actividades apoiadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

i) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro desta resolución, e conservar a documentación xustificativa relativa aos gastos financiados durante un período de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas en que estean incluídos os gastos da operación ou, no caso de operacións cun gasto subvencionable igual ou superior a 1.000.000 de euros, de dous anos, a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas en que estean incluídos os gastos definitivos da operación concluída (en aplicación do artigo 140.1 do Regulamento (UE) nº 1303/2013). O órgano concedente informará a entidade beneficiaria da data de inicio a que se refire esta obriga. No caso en que a infraestrutura apoiada se dedique a o desenvolvemento de actividades económicas e non económicas, o centro beneficiario deberá levar unha contabilidade separada de ambos os tipos de actividades.

j) Mantemento dos investimentos en infraestruturas ou investimentos produtivos durante un prazo mínimo de cinco anos desde o pagamento final ás entidades beneficiarias, en cumprimento do disposto no artigo 71 do Regulamento (UE) nº 1303/2013.

k) Solicitarlle á Gain a autorización para realizar aquelas modificacións no desenvolvemento das actuacións aprobados que estean suxeitas á autorización previa. A realización de modificacións non autorizadas no orzamento financiable suporá a non admisión das cantidades desviadas.

l) Realizar unha comunicación divulgativa de difusión ao comezo da actividade das infraestruturas apoiadas para explicar os seus obxectivos e expoñer o seu plan de explotación. Así mesmo, transcorrido un ano da adxudicación da infraestrutura deberá realizarse,

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnjjwclp1t1

dentro dos tres meses seguintes, un evento de difusión en que se poña de manifesto o avance do plan de explotación. Nestas actividades poñerase de manifesto o apoio do Feder e da Gain.

As datas de realización destas actividades deberán ser comunicadas previamente para a súa conformidade polo Departamento de Xestión da Innovación da Gain.

m) Ao tratarse de subvencións cofinanciadas con fondos estruturais da Unión Europea, en relación coa publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no anexo XII, número 2.2, do Regulamento (UE) nº 1303/2013, e atendendo ao sinalado no capítulo II do Regulamento de execución (UE) nº 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1303/2016, a entidade beneficiaria deberá, durante a realización da operación e mantemento do investimento:

1º. Recoñecer o apoio do Feder á operación mostrando en todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo o emblema da Unión Europea, así como referencias á Unión Europea, ao fondo que dá apoio á operación e ao lema «unha maneira de facer Europa».

2º. Informar o público do apoio obtido do Feder durante a realización do proxecto cunha breve descrición no web do centro tecnolóxico, onde consten os obxectivos e resultados acadados e destacando o apoio financeiro da Unión Europea.

3º. Colocar un cartel ou placa permanente de tamaño mínimo A3 nun lugar ben visible para o público, como por exemplo á entrada das dependencias do centro onde se sitúen as infraestruturas financiadas. O cartel ou a placa indicarán o nome e o obxectivo principal da operación, e estarán elaborados de acordo coas características técnicas adoptadas pola Comisión no Regulamento de execución (UE) nº 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1303/2013.

n) Dar publicidade ás axudas recibidas en calquera outro convenio, axuda ou contrato relacionado coa execución da actuación e en publicacións, relatorios e actividades de difusión de resultados acadados coas infraestruturas financiadas, mencionando expresamente a súa orixe e o cofinanciamento con fondos Feder. Concretamente, na documentación, carteis, propaganda ou publicacións que se elaboren para a súa difusión pública deberá figurar o logotipo da Gain e a frase «Subvencionado pola Axencia Galega de Innovación»,

así como «Cofinanciado con cargo ao Feder». Así mesmo, mesmo, deberá informarse de que a infraestrutura foi apoiada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

ñ) Informar do nivel de logro dos indicadores de produtividade asociados á actuación 1.1.2.1 que lles sexan de aplicación: C025: número de investigadores que traballan nas instalacións de infraestrutura de investigación melloradas (traballadores equivalentes a tempo completo, etc.), así como outros indicadores de I+D+i que a Gain lle requira no momento en que presente a xustificación de gastos.

o) Achegarlle á Gain, cando esta o requira, a relación de equipamentos científico técnicos de que dispón o centro, co obxecto de actualizar o inventario de infraestruturas de I+D dos centros tecnolóxicos de Galicia.

p) Calquera outra obriga imposta de maneira expresa ás entidades beneficiarias na resolución de concesión ou no documento en que se establecen as condicións da axuda.

q) No caso de proxectos seleccionados por aplicación do criterio de desempate relativo á implantación dun plan de igualdade, deberá manterse implantado o dito plan durante o período de execución do proxecto e de mantemento dos investimentos previsto nestas bases reguladoras.

Artigo 25. *Xustificación da subvención*

1. Para ter dereito ao pagamento da axuda o centro tecnolóxico deberá presentar a xustificación da subvención por medios electrónicos, accedendo á Carpeta cidadá da entidade beneficiaria dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, utilizando os formularios dispoñibles no web da Gain, http://gain.xunta.gal, incluíndo as evidencias do cumprimento das obrigas de publicidade para o pagamento da axuda.

2. Os prazos de xustificación das axudas son os seguintes:

a) Períodos de emisión de facturas (realización de gastos) e realización de pagamentos executados:

| | |
|---|---|
| Primeira anualidade | Desde a data de presentación da solicitude ata o 30 de setembro de 2020 |
| Segunda anualidade | Desde o 1 de outubro de 2020 ata o 30 de setembro de 2021 |

b) Prazos de presentación de documentación:

| | |
|---|---|
| Primeira anualidade | Ata o 9 de outubro de 2020 |
| Segunda anualidade | Ata o 8 de outubro de 2021 |

CVE-DOG: jh5rz2b4-zt07-b1n8-u3k1-opnjjwclp1t1

3. A documentación xustificativa científico-técnica das actividades desenvolvidas constará:

a) Dun informe científico-técnico normalizado, segundo o modelo dispoñible no web da Gain, http://gain.xunta.gal.

b) De fotos en cor dos equipamentos/infraestruturas adquiridos.

c) Dunha memoria en formato libre sobre a execución e evolución das actividades desenvolvidas. Deberá incluírse de forma expresa, mediante fotografías ou calquera outro soporte probatorio, a xustificación das normas de publicidade previstas no artigo 24 desta convocatoria, de conformidade co Regulamento (UE) nº 1303/2013 e no Regulamento de execución (UE) nº 821/2014.

4. A documentación xustificativa económica das actividades desenvolvidas constará:

a) Dunha declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade, de todas as administracións públicas, utilizando o modelo que aparece como anexo II a esta resolución e que está dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia http://sede.xunta.gal e na web da Gain, http://gain.xunta.gal. De ser o caso, deberá achegarse unha copia da resolución da concesión desas outras axudas.

b) Dos certificados acreditativos de estar ao día nas seguintes obrigas: coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social e coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, no caso de que o centro solicitante se opoña á súa consulta.

Non obstante, aquelas entidades comprendidas no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei de subvencións de Galicia, poderán presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente ningunha outra débeda coa Administración pública de Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Un resumo de execución económica en que conste o concepto de gasto, o provedor, o importe (excluído o IVE) e a data de cada un dos xustificantes presentados.

d) A documentación xustificativa do investimento constará dos documentos acreditativos dos gastos consistentes en facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

da Lei 9/2007, polo que se aproba o regulamento da citada lei. As facturas deberán conter suficiente información que permita relacionala co gasto xustificado.

Cando a entidade beneficiaria non dispoña de factura electrónica, deberá achegar unha copia en formato PDF.

e) A documentación xustificativa do pagamento comprenderá unha copia das transferencias, certificacións e extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica. En ningún caso se admitirán pagamentos xustificados mediante recibo do provedor.

Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor/a e o emisor/a do pagamento, o número de factura e o importe total satisfeito (incluído o IVE), e o concepto do ben. No caso de que no documento de pagamento non se faga referencia ás facturas, deberá achegarse a documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pagamento.

Cando un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, este deberá incluír unha relación detallada delas en que se poida apreciar que o pagamento se corresponde coas devanditas facturas. No caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas a esta axuda, será necesario achegar o correspondente extracto bancario acompañado da orde de pagamento da empresa selada polo banco coa relación detallada das facturas.

En ningún caso se admitirán pagamentos xustificados mediante recibos do provedor, nin os pagamentos por caixa ou en efectivo.

f) Respecto da documentación xustificativa do investimento e do seu pagamento, cando non sexa posible a presentación de copia auténtica electrónica poderá presentar unha copia en formato PDF dos documentos indicados, realizada polo beneficiario, acompañando unha declaración responsable da autenticidade deses documentos achegados, así como o compromiso de presentar os orixinais cando a Gain llos requira.

g) No suposto de que o importe do IVE non sexa recuperable, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade co respecto ao IVE.

h) Unha declaración asinada polo/a representante legal do centro, en que se detallen os ingresos e gastos repartidos entre actividades económicas e non económicas da infraestrutura financiada.

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnjjwclp1t1

5. Sen prexuízo da documentación indicada nos puntos anteriores, poderá requirirse que se acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

6. A documentación presentarase por medios electrónicos. As entidades beneficiarias responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presentan.

7. Se transcorrido o prazo establecido para a xustificación da subvención o centro tecnolóxico non presenta a documentación xustificativa segundo o indicado, a Gain requirirao para que no prazo improrrogable de dez días a presente, e advertirao de que a falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito á subvención e a exixencia do reintegro no caso de ter recibido cantidades en concepto de anticipo, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007.

Artigo 26. *Pagamentos*

1º. Poderán realizarse pagamentos anticipados e á conta das subvencións recollidas nesta resolución, de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, no artigo 63 do Decreto 11/2009 e nesta convocatoria.

Poderá anticiparse ata o 50 % do importe concedido en cada anualidade. No caso de que a entidade fixese constar na solicitude de subvención que solicita a modalidade de pagamento anticipado, deberá presentar a documentación que se indica a continuación nos prazos establecidos; de non respectar estes prazos enténdese que renuncia ao anticipo:

a) Solicitude de pagamento anticipado, utilizando o modelo publicado no web da Gain, http://gain.xunta.gal.

b) Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin de todas as administracións públicas, utilizando o anexo II, que estará dispoñible na sede electrónica da Xunta.

Para a anualidade de 2020 deberá presentala no prazo máximo de 20 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de concesión no DOG e, para a anualidade de 2021, deberá presentala antes do 30 de xuño de 2021.

2º. Recibida a documentación xustificativa da subvención, a Gain, antes de proceder ao seu pagamento final, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnjjwclp1t1

verificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinaron a concesión da subvención, de acordo co establecido no artigo 30 da Lei 9/2007. Será obrigatoria a realización dunha actividade de inspección por parte da Gain, e será requisito imprescindible a comprobación material do investimento polo órgano concedente, e quedará constancia no expediente mediante unha acta de conformidade asinada tanto polo representante da Administración coma pola entidade beneficiaria.

No suposto de que a xustificación da subvención sexa inferior ao importe anticipado e dea lugar a unha minoración da subvención, procederase ao reintegro da diferenza.

Artigo 27. *Garantías*

Non se precisará a presentación de garantías no caso dos anticipos e pagamentos á conta de acordo co disposto nos artigos 65.4 e 67.4 do Regulamento da Lei 9/2007.

Artigo 28. *Gradación dos incumprimentos, reintegros e sancións*

1. A entidade beneficiaria deberá cumprir cos obxectivos, actividades e comportamentos que fundamenten a concesión da axuda, así como cos compromisos asumidos durante o tempo de duración da axuda. De non ser así, perderá o dereito ao seu cobramento e/ou, de ser o caso, procederá ao reintegro da subvención.

Tamén deberán proceder ao reintegro total ou parcial da subvención e dos xuros de mora correspondentes desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos recollidos nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007. Para facer efectiva esta devolución tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto na citada lei e no Decreto 11/2009.

2. Serán causas de reintegro as seguintes:

a) O falseamento, na inexactitude ou a omisión, dos datos fornecidos entidade beneficiaria que servisen de base para a concesión da axuda, ou o ocultamento daqueles datos que a impedisen.

b) O incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou da finalidade para que a axuda foi concedida.

c) O incumprimento da obriga de xustificación, a xustificación insuficiente, a xustificación fóra do prazo establecido, a falsidade, a terxiversación ou o ocultamento dos datos ou do-

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnijjwclp1t1

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

cumentos que serven de base para xustificar os investimentos subvencionables ou outras obrigas impostas na resolución de concesión da axuda.

d) O incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 24 desta resolución.

e) A resistencia, a escusa, a obstrución ou a negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) O incumprimento dos prazos de mantemento da actividade ou do investimento.

g) A obtención de financiamento de distintas procedencias ou concorrencia de subvencións por riba do custo das actividades subvencionadas.

h) Calquera das demais causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007.

3. O incumprimento total dos fins para os cales se concedeu a axuda, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do investimento financiable ou da obriga de xustificación, será causa de perda do dereito ao cobramento ou de reintegro total da subvención.

4. Procederá a perda total ou parcial do dereito ao cobramento da axuda nos seguintes casos:

a) Non xustificar a execución dun mínimo do 75 % do orzamento subvencionable concedido.

b) Non comunicar á Gain a obtención doutras subvencións e axudas que financien as actividades subvencionadas.

c) Non comunicar á Gain a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención.

d) Non dar publicidade ao financiamento do proxecto, de acordo co establecido no artigo 24 destas bases, suporá un reintegro do 2 % da subvención concedida.

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnijjwclp1t1

e) O incumprimento da obriga manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado, en relación con todas as transaccións relativas aos gastos subvencionables que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados co Feder, sen prexuízo das normas xerais de contabilidade, de acordo co establecido no artigo 24 destas bases, suporá o reintegro dun 2 % da subvención concedida.

5. No período de mantemento dos investimentos establecido no artigo 24 destas bases reguladoras, procederá a incoación dun procedemento de reintegro nos supostos e co alcance que se indica a continuación:

a) O incumprimento das obrigas de publicidade do financiamento do proxecto (placa permanente, páxina web,...) durante o período de mantemento do investimento, de acordo co establecido no artigo 24 destas bases, suporá o reintegro dun 2 % da subvención concedida.

b) O incumprimento da obriga de manter o plan de igualdade do centro, cando fora empregado como criterio de desempate, suporá, segundo o mesmo artigo, o reintegro dun 2 % da subvención concedida.

c) Non manter os investimentos obxecto da subvención durante o período establecido suporá o reintegro da subvención correspondente ao activo non mantido, de forma proporcional ao período en que se incumprise este requisito.

d) No caso de condicións que constitúan obrigas que o beneficiario debe acreditar na fase de xustificación (obrigas de publicidade, comunicación doutras axudas, etc.), estas deberán xustificarse en todo caso para poder proceder ao pagamento da subvención, polo que a gradación fixada neste punto só resultará aplicable para supostos de reintegro, no caso en que se detecte en controis posteriores ao pagamento, algún incumprimento a esas obrigas.

6. Se o incumprimento deriva da inobservancia dalgunha condición ou suposto distinto dos anteriores, o seu alcance será determinado en función do grao e da entidade da condición incumprida.

7. Ás entidades beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007.

8. En caso de incumprimento do establecido no punto 2.d) deste artigo procederase conforme o establecido no artigo 4.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnijjwclp1t1

9. Conforme o establecido no artigo 71.2 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, en relación cunha operación que comprenda investimentos en infraestruturas ou investimentos produtivos, deberá reembolsarse a contribución dos fondos EIE se, nos dez anos seguintes ao pagamento final ao beneficiario, a actividade produtiva se somete a unha relocalización fóra da Unión, excepto cando o beneficiario sexa unha peme. Se a contribución dos fondos EIE adopta a forma dunha axuda de Estado, o período de dez anos substituirase polo prazo aplicable de conformidade coas normas sobre axudas de Estado.

Artigo 29. *Control e seguimento*

1. A Gain poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento do obxecto das subvencións.

2. A Gain poderá realizar en calquera momento visitas ás entidades beneficiarias e facer as comprobacións e solicitar as aclaracións que considere necesarias para o correcto desenvolvemento das actividades financiadas, empregando os medios que considere oportunos para acreditar o cumprimento das medidas de publicidade da orixe dos fondos. Se se constase unha incorrecta utilización dos fondos ou o desvío dos obxectivos, a Gain poderá propoñer a suspensión da subvención concedida.

3. Así mesmo, a Gain poderá convocar anualmente as entidades beneficiarias a unha entrevista para coñecer a planificación das actividades ligadas ás infraestruturas financiadas segundo o seu plan de explotación.

4. Con carácter previo ao pagamento final da subvención será obrigatorio que a Gain realice unha actividade de inspección. Ademais desta actividade final de inspección, a Axencia poderá realizar as visitas e comprobacións iniciais, intermedias e finais que considere convenientes no marco do seu plan anual de inspección.

5. Será un requisito imprescindible que a Gain faga unha comprobación material do investimento, da que quedará constancia no expediente mediante a acta de conformidade asinada tanto polo representante da Administración coma pola entidade beneficiaria.

6. Ademais do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a Lei 9/2007.

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnijwclp1t1

Así mesmo, as subvencións estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ás da autoridade de xestión do programa operativo Feder, así como ás verificacións do artigo 125.5 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 30. *Publicidade*

A resolución da concesión das axudas publicarase no DOG coa relación das subvencións concedidas, con indicación da norma reguladora, entidade beneficiaria, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Artigo 31. *Normativa aplicable*

As axudas obxecto desta convocatoria réxense polas normas comunitarias aplicables por razón do cofinanciamento pola Unión Europea e polas normas nacionais de desenvolvemento ou transposición destas. En particular, seralles de aplicación a seguinte normativa comunitaria:

a) Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.

b) Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello.

c) Regulamento (UE) nº 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre as disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego, e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1080/2006.

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnjjwclp1t1

d) Orde HFP/1979/2016, do 29 de decembro, do Ministerio de Facenda e Función Pública, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020.

e) Regulamento Omnibus (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, polo que se modifican os regulamentos (UE) nº 1301/2013, (UE) nº 1303/2013, (UE) nº 1304/2013, (UE) nº 1309/2013, (UE) nº 1316/2013, (UE) nº 223/2014 e (UE) nº 283/2014 e a Decisión nº 541/2014/UE e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) nº 966/2012.

Supletoriamente, seralles de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento; a normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, así como a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 32. *Información básica sobre protección de datos persoais*

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Axencia Galega de Innovación (Gain), coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e reflectirase esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. Os datos serán comunicados á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea na súa condición de organismo

CVE-DOG: jh5rz2b4-zto7-b1n8-u3k1-opnjjwclp1t1

intermedio dos programas operativos, en virtude das funcións atribuídas pola autoridade de xestión dos programas operativos, segundo o disposto nos artigos 125, número 2, artigo 140, números 3 a 5, e anexo XIII, número 3, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e as súas disposicións de desenvolvemento.

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados, conforme o descrito nas presentes bases reguladoras, a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Artigo 33. *Medidas antifraude*

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos ou operacións financiadas total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convocatoria poderá poñer os devanditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto:

http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de decembro de 2019

A directora da Axencia Galega de Innovación
P. A. (Resolución do 16.6.2014, da Presidencia da Axencia;
DOG núm. 127, do 7 de xullo)
Benito Fernández Rodríguez
Director da Área de Xestión

CVE-DOG: jh5rz2b4-zt07-b1n8-u3k1-opnjjwclp1t1

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| **AXUDAS PARA O FORTALECEMENTO DOS CENTROS DE XERACIÓN DE COÑECEMENTO** | **IN607E** | **SOLICITUDE** |

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL | ACRÓNIMO | NIF

TIPO DE VÍA | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA

PARROQUIA | LUGAR

CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

TELÉFONO | FAX | CORREO ELECTRÓNICO

SECTOR | PLAN DE IGUALDADE ◯ SI ◯ NON

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

INDIQUE O TIPO DE PODER DO REPRESENTANTE

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Notifíquese a: ◯ Entidade solicitante ◯ Persoa ou representante representante

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal.
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación:

TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS BANCARIOS**

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA | NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

**CONTACTO NO CENTRO**

NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

TELÉFONO | TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO**

**Para o caso de representación mancomunada, datos do segundo ou máis representantes (deberá achegarse tamén autorización)**

NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

INDIQUE O TIPO DE PODER DO REPRESENTANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

